

Praza número: 25/12009

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Lingua Española

Departamento: Letras

Centro: Facultade de Filoloxía

Número de prazas: 1

Dedicación: Tempo Completo

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En A Coruña, ás 10 horas do 16 de setembro de 2025, para cumprir os requisitos a que alude o artigo 17.2. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, constitúese a comisión que vai xulgar o concurso que arriba se indica, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incurso en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en situación que se poida cualificar de conflito de interese, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023:

Presidencia: José Ignacio Pérez Pascual

Secretaría: Esperanza Acín Villa

Vogal 1º: Eduardo José Jacinto García

Vogal 2º: Ana Llopis Cardona

Vogal 3º: Inmaculada Concepción Báez Montero

Rep. Trab. (s/voto): Xosé Manuel Sánchez Rei

Na Coruña, a 16 de setembro do 2025

A presidencia da comisión

Praza número: 25/12009

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Lingua Española

Departamento: Letras

Centro: Facultade de Filoloxía

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicada, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns as seguintes: *Lingüística Xeral* e *Literatura española*.

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima : 100 puntos

II.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/ libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, calidade e prestixio editorial, impacto, traducións e recensións recibidas, número de asinantes de cada aportación.

En canto aos índices de calidade editorial, aplicarase os mesmos criterios que no apartado de investigación para libros e capítulos de libro.

Os libros sen ISBN non serán valorados baixo ningunha circunstancia.

Valoraranse con 0,1 puntos os materiais e libros de texto non deseñados para a docencia universitaria en materias relacionadas coa Lingua española.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, tipo de participación da persoa candidata.

Os proxectos de innovación docente orientados á docencia na área de Lingua española valoraranse con 3 puntos no caso do director ou responsable e con 1 no caso dos participantes.

A pertenza a grupos de innovación docente orientados á docencia na área da Lingua española valorarase con 0,25 puntos por ano de pertenza no caso do responsable ou director e de 0,10 por ano no caso dos participantes.

Praza número: 25/12009

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Lingua Española

Departamento: Letras

Centro: Facultade de Filoloxía

Valoraranse con 0,3 puntos aqueles proxectos de innovación docente que non estean orientados á docencia na área de Lingua Española.

Estadías docentes (máximo de 2 puntos por cada mérito alegado). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, duración, lugar.

Estancias docentes centradas na docencia, de duración superior a un mes, en materias relacionadas coa área de Lingua española, en institucións de educación superior nacionais (máximo 1 punto por mes de estadía) e internacionais (máximo 2 puntos por mes de estadía).

Valoraranse con entre 0,1 puntos (nacionais) e 0,2 puntos (internacionais) por mes aquelas estadías que non estean orientadas á docencia na área de Lingua Española.

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos por cada mérito alegado). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, duración, lugar.

Estancias de mobilidade docente STA ou similares en institucións de educación superior nacionais (máximo 1 punto por estadía) e internacionais (máximo 2 puntos por estadía).

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos por cada mérito alegado). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: relación coa docencia na área.

Os premios e recoñecementos docentes outorgados polo labor realizado en proxectos ou iniciativas relacionadas coa docencia na área da Lingua española valoraranse con 0,5 puntos.

Artigos de docencia en revistas académicas (máximo de 2 puntos por cada mérito alegado). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, calidade e prestixio editorial, impacto, número de asinantes de cada aportación...

Comunicacións en congresos de innovación docente (máximo de un punto por cada mérito alegado). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, prestixio do organismo organizador, calidade e prestixio da editorial, impacto, número de asinantes de cada aportación...

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 100 puntos

III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Coeficiente multiplicador entre 0.25 e 1 que poderá ter en conta o número de autores/as da publicación e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, número de autores/as, indexación da revista nas bases de datos especializadas.

Os artigos publicados en revistas científicas incluídas en Scopus ou Web of Science valoraranse con 2,5 puntos.

Praza número: 25/12009

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Lingua Española

Departamento: Letras

Centro: Facultade de Filoloxía

O resto dos artigos publicados en revistas non incluídas en Scopus y Web of Science, pero que contén indicadores de calidade e revisión por pares valoraranse con 0,5 puntos se están incluídos en ERIHPlus ou levan selo de calidade FECYT (a valoración conxunta destes artigos non poderá superar os 5 puntos).

O resto dos artigos publicados en revistas recollidas en Dialnet valoraranse como máximo con 0,25 puntos.

Terase en conta o número dos asinantes de cada aportación (un autor, coeficiente de ponderación de 1, 2 autores, coeficiente de ponderación de 0.75, 3 autores, coeficiente de ponderación de 0.5, catro e máis autores coeficiente de ponderación de 0.25).

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, número de autores/as e prestixio editorial.

Os libros e capítulos de libro publicados en editoriais situadas no primeiro e segundo cuartil na clasificación SPI: 5 puntos por libro completo e 1 punto por capítulo.

Os libros e capítulos de libro publicados en editoriais situadas na clasificación SPI a partir do terceiro cuartil: 2,5 puntos por libro completo e 0,5 puntos por capítulo.

O resto dos artigos publicados en editoriais non incluídas en SPI valoraranse con 1,25 puntos o libro e 0,25 o capítulo.

Terase en conta o número dos asinantes de cada aportación (un autor, coeficiente de ponderación de 1, 2 autores, coeficiente de ponderación de 0.5, 3 autores, coeficiente de ponderación de 0.3, catro e máis autores coeficiente de ponderación de 0.1).

No caso das enxeñarías, as publicacións en actas de congreso de calidade contrastada ou incluídos en listas de referencia valoraranse cun máximo de 2,5 puntos por cada contribución. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: ---

III.2 Comunicaci3ns en reuni3ns cientificas. Puntuaci3n m3xima: 5 puntos

Cada contribuci3n valorarase cun m3ximo de 0,5 puntos (aos que se sumarán outros 0,5 se recibiu alg3n premio). Os criterios espec3ficos de valoración serán os seguintes: vinculaci3n coa 3rea de coñecemento, n3mero de autores/as, car3cter nacional ou internacional (respaldado por unha instituci3n ou sociedade cient3fica recoñecida).

Valorarase o car3cter nacional ou internacional do congreso. Comunicaci3n nun congreso internacional: 0,5 puntos, e comunicaci3n nun congreso nacional: 0,25 puntos.

Un coeficiente multiplicador entre 0,1 e 1 ter3 en conta o n3mero de autores da publicaci3n (un autor, coeficiente de ponderaci3n de 1, 2 autores, coeficiente de ponderaci3n de 0,5, 3 autores, coeficiente de ponderaci3n de 0,3, catro ou m3is autores coeficiente de ponderaci3n de 0,1).

III.7. Acci3ns de transferencia e divulgaci3n. Puntuaci3n m3xima: 10 puntos

Praza número: 25/12009

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Lingua Española

Departamento: Letras

Centro: Facultade de Filoloxía

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: vinculación coa área de coñecemento, número de autores/as, rol desempeñado.

Valorarase a participación acreditada en programas de divulgación científica no ámbito universitario, participación na organización de congresos, xornadas e encontros académicos, comisariado de exposicións...

Na Coruña , a 16 de setembro do 2025

A presidencia da comisión